



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIMORTO

Rectificación de erro numérico e de transcripción na convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración

ANUNCIO

Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 07.12.2022 aprobáronse as bases xerais e específicas dos procesos selectivos extraordinarios de estabilización do emprego público temporal do Concello de Boimorto derivados da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e da oferta de emprego público excepcional e extraordinaria – anualidade 2022, aprobada mediante decreto de alcaldía núm. 198/2022 de data 6 de maio do ano en curso.

No BOP núm. 236 de data 15 de decembro de 2022, publicase o anuncio do antedito acordo cun erro numérico e outro de transcripción, concretamente:

- Nas bases específicas de auxiliar de axuda no fogar a xornada parcial.
- Na base 7 das bases xerais.

En consecuencia, tendo presente o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común, coa finalidade de rectificar o anuncio de publicación indicado, se rectifican os mesmos quedando redactados nos seguintes termos:

1ª RECTIFICACIÓN: ERRO NUMÉRICO.

Onde di:

- **Retribucións:** O salario bruto será de 1.000,00 euros mensuais para a xornada parcial, paga extra aparte.

Debe dicir o seguinte:

- **Retribucións:** O salario bruto será de 625,00 euros mensuais para a xornada parcial, paga extra aparte.

Quedando polo tanto redactadas as citadas bases específicas nos seguintes termos:

ASUNTO	BASES ESPECÍFICAS
	CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN
	LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO.
	AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR
	A XORNADA PARCIAL
	CONCURSO
	Nº DE PRAZAS A SER SELECCIONADAS: 1

“PRIMEIRO.- NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DA PRAZA CONVOCADA:

- **Clasificación da praza:** persoal laboral fixo.
- **Número de prazas que se convocan:** 1 xornada parcial.
- **Sistema de provisión:** concurso.
- **Denominación:** Auxiliar de axuda no fogar.
- **Retribucións:** O salario bruto será de 625,00 euros mensuais para a xornada parcial, paga extra aparte.
- **Funcións:**

Os traballos a realizar son os propios de auxiliar de axuda no fogar (de acordo coa ordenanza reguladora do funcionamento do servizo) baixo a dependencia xerárquica da Traballadora social deste concello e asemade a realización de visitas e tarefas de apoio a persoas maiores e vulnerables do Concello de Boimorto e, en xeral, todos aqueles traballos complementarios as funcións anteriores que lle sexan encomendados e sempre que estean incluídos no exercicio da súa profesión e preparación técnica.

SEGUNDO.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DE ACCESO DO ASPIRANTE:

Ademais dos establecidos nas bases xerais, os aspirantes deberán acreditar que reúnen os seguintes requisitos específicos:

1.- Titulación: De acordo coa Resolución do 28 de xullo de 2022, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, sobre criterios comúns de acreditación e calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Autonomía (BOE núm.192 do 11/08/2022) que dispón o seguinte:

- El título de Técnico en Cuidados Auxiliares de Enfermería establecido por el Real Decreto 546/1995, de 7 de abril, o los títulos equivalentes de Técnico Auxiliar de Clínica, Técnico Auxiliar Psiquiatría y Técnico Auxiliar de Enfermería que se establecen el Real Decreto 777/1998, de 30 de abril, o en su caso cualquier otro título que se publique con los mismos efectos profesionales.
- El título de Técnico en Atención a Personas en Situación de Dependencia, regulado por el Real Decreto 1593/2011, de 4 de noviembre, o el título equivalente de Técnico de Atención Socio-sanitaria, establecido por el entonces Real Decreto 496/2003, de 2 de mayo, o en su caso, cualquier otro título o certificado que se publique con los mismos efectos profesionales.
- El certificado de Profesionalidad de Atención Sociosanitaria a Personas Dependientes en Instituciones Sociales, regulado por el Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, o en su caso, cualquier otro certificado que se publique con los mismos efectos profesionales.
- El Certificado de Profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Personas en el Domicilio, regulado por el Real Decreto 1379/2008, de 1 de agosto, o el equivalente Certificado de Profesionalidad de la ocupación de auxiliar de ayuda a domicilio, regulado por el entonces Real Decreto 331/1997, de 7 de marzo, o en su caso, cualquier otro certificado que se publique con los mismos efectos profesionales.
- Los que acrediten habilitación excepcional en las categorías de cuidadores/cuidadoras, gerocultores/gerocultoras y auxiliares de ayuda a domicilio”.

2.- Estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias. A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde do 16 de xullo de 2007 e Orde do 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da Lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento de Lingua Galega requirida, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, segundo o previsto na base oitava das bases xerais do proceso de estabilización, que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

3.- Carnet de conducir B1.

As persoas aspirantes deberán posuír todos estes requisitos na data na que remate o prazo de presentación de instancias e deberanse manter ata o momento do seu nomeamento.

TERCEIRO. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema selectivo empregado será o concurso de méritos.

A cualificación dos méritos levarase a cabo de acordo establecido nas bases xerais.

A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase concurso.”

2ª RECTIFICACIÓN: ERRO DE TRANSCRIPCIÓN.

Onde di:

“SÉTIMA. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

O sistema de selección para acceder ás distintas prazas será nos procesos selectivos derivados do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, o de concurso-oposición, mentres que nos procesos selectivos derivados das disposicións adicionais sexta e oitava o sistema selectiva será o de concurso de valoración de méritos.

7.1. Procesos derivados do artigo 2.1 da Lei 20/2021

Desenvolvemento dos procesos selectivos derivados da aplicación do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro: os procesos selectivos de conformidade con cada convocatoria e bases reguladoras específicas, realizaranse a través de procedemento de concurso-oposición, e consistirá nunha fase de oposición (60%) con carácter non eliminatorio, e unha fase de concurso previa a anterior cunha valoración máxima dun 40%. A puntuación máxima será de 100 puntos (60 puntos – fase oposición; 40 puntos – fase concurso):

FASE OPOSICIÓN:

- Fase con carácter non eliminatoria. A valoración correspondente a esta fase será dun 60% sobre a valoración total do proceso selectivo.
- Consistirá nunha única proba obrigatoria tipo test teórico-práctica.
- **O exercicio cualificarase sobre un total de 60 puntos. Para considerar superado o exercicio será preciso obter un mínimo de 30 puntos sobre o citado total.**
- Por pregunta catro respostas con só unha resposta válida.
- A resposta errónea desconta 1/4 dunha resposta válida.
- A Resposta en branco non penaliza.
- E a duración máxima da proba e número de preguntas estipularase de forma concreta nas bases específicas de cada proceso selectivo.”

Debe dicir o seguinte:

“SÉTIMA. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

O sistema de selección para acceder ás distintas prazas será nos procesos selectivos derivados do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, o de concurso-oposición, mentres que nos procesos selectivos derivados das disposicións adicionais sexta e oitava o sistema selectiva será o de concurso de valoración de méritos.

7.1 Procesos derivados do artigo 2.1 da Lei 20/2021

Desenvolvemento dos procesos selectivos derivados da aplicación do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro: os procesos selectivos de conformidade con cada convocatoria e bases reguladoras específicas, realizaranse a través de procedemento de concurso-oposición, e consistirá nunha fase de oposición (60%) con carácter non eliminatorio, e unha fase de concurso previa a anterior cunha valoración máxima dun 40%. A puntuación máxima será de 100 puntos (60 puntos – fase oposición; 40 puntos – fase concurso):

- FASE OPOSICIÓN:
 - Fase con carácter non eliminatoria. A valoración correspondente a esta fase será dun 60% sobre a valoración total do proceso selectivo.
 - Consistirá nunha única proba obrigatoria tipo test teórico-práctica.
 - **O exercicio cualificarase sobre un total de 60 puntos.**
 - Por pregunta catro respostas con só unha resposta válida.
 - A resposta errónea desconta 1/4 dunha resposta válida.
 - A Resposta en branco non penaliza.
 - E a duración máxima da proba e número de preguntas estipularase de forma concreta nas bases específicas de cada proceso selectivo.”

Quedando polo tanto redactadas as citadas bases específicas nos seguintes termos:

“SÉTIMA. SISTEMA DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO.

O sistema de selección para acceder ás distintas prazas será nos procesos selectivos derivados do artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, o de concurso-oposición, mentres que nos procesos selectivos derivados das disposicións adicionais sexta e oitava o sistema selectiva será o de concurso de valoración de méritos.

7.1 Procesos derivados do artigo 2.1 da Lei 20/2021

Desenvolvemento dos procesos selectivos derivados da aplicación do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro: os procesos selectivos de conformidade con cada convocatoria e bases reguladoras específicas, realizaranse a través de procedemento de **concurso-oposición**, e consistirá nunha fase de oposición (60%) con carácter non eliminatorio, e unha fase de concurso previa a anterior cunha valoración máxima dun 40%. A puntuación máxima será de 100 puntos (60 puntos – fase oposición; 40 puntos – fase concurso):

• FASE OPOSICIÓN:

- Fase con carácter non eliminatoria. A valoración correspondente a esta fase será dun 60% sobre a valoración total do proceso selectivo.
- Consistirá nunha única proba obrigatoria tipo test teórico-práctica.
- **O exercicio cualificarase sobre un total de 60 puntos.**
- Por pregunta catro respostas con só unha resposta válida.
- A resposta errónea desconta 1/4 dunha resposta válida.
- A Resposta en branco non penaliza.
- E a duración máxima da proba e número de preguntas estipularase de forma concreta nas **bases específicas** de cada proceso selectivo.
- Desenvolvemento da proba da fase oposición:
 - A proba realizarase a porta pechada sen outra asistencia que a dos aspirantes, membros do tribunal e os colaboradores e especialistas designados.
 - Os aspirantes serán convocados para o exercicio en chamamento único e por orden alfabético.
 - Os aspirantes deberán acudir á proba na hora e data do chamamento, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impidise acudir, excepto que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal, así como no suposto de aspirantes embarazadas ou en período de parto ou postparto debidamente acreditados.
 - O Tribunal poderá requirir aos aspirantes, en calquera momento da práctica da proba, que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do documento nacional de identidade, permiso de condución ou pasaporte.
 - O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde da oposición naqueles aspectos previstos ou non nestas bases, sendo en todo caso aplicable para o non previsto na presentes bases.

• FASE CONCURSO:

- **Méritos profesionais:** 36 puntos
 - a) **Servizos prestados no corpo**, escala, categoría, ou equivalente da **entidade local convocante** en calidade de persoal temporal: 0,43 puntos por mes completo.
 - b) **Servizos prestados noutros corpos**, escalas, categorías, ou equivalentes da **entidade local convocante** en calidade de persoal temporal: 0,1 puntos por mes completo.
 - c) **Servizos prestados en corpos**, escalas, categorías, ou equivalentes **doutras Administracións Públicas (distintas da entidade local convocante)** en calidade de persoal temporal: 0,14 puntos por mes completo.
 - d) **Servizos prestados no resto do sector público** en calidade de persoal temporal: 0,03 puntos por mes completo.
- **Outros méritos:** 4 puntos.
 - a) Formación e capacitacións profesionais:
 - Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.
 - Por grupos e subgrupos de titulación, a táboa de horas requiridas para acadar a puntuación máxima sería:
 - Grupo A1/A2 ou titulación de acceso equivalente: 80 horas (0,05 puntos hora).
 - Grupo B ou titulación de acceso equivalente: 50 horas (0,08 puntos hora).
 - Grupo C1 ou titulación de acceso equivalente: 30 horas (0,133 puntos hora).
 - Grupo C2 ou titulación de acceso equivalente: 20 horas (0,20 puntos hora).
 - Grupo AP ou titulación de acceso equivalente: 10 horas (0,40 puntos hora).

b) Titulación Superior a requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos

A solicitude irá acompañada do/s certificado/s de servizos prestados a respecto da experiencia alegada nas diferentes administracións públicas e dos títulos que acrediten a formación recibida ou impartida, así como das titulacións académicas e capacitacións profesionais. Non se aceptará formación non acreditada dentro dos plans e accións formativas aprobadas e xestionadas polas administracións públicas.”

Boimorto, a 12 de xaneiro de 2023

A Alcaldía,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez.

2023/173